

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN POR SITUACIÓN COVID19

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE LECTURA A PRIMEIRA VISTA E TRANSPOSICION III-IV

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: LECTURA A PRIMEIRA VISTA E TRANSPOSICIÓN III-IV											
ESPECIALIDADE:	INTEPRETACIÓN					ITINERARIOS:			ACORDEÓN, PIANO, GUITARRA		
CARÁCTER:	OBRIGATORIA					TIPO DE CLASE:			COLECTIVA		
DEPARTAMENTO:	PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS					XEFE DE DPTO.:			MATILDE RUBIO		
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:			LETICIA PRESAS		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1 H	
ECTS/CUAD.	3	3	3	3					Observacións:	-----	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS					EMAIL/TEL/WEB			TITORÍA		
	PABLO SABIO LADRA					pablosl@edu.xunta.es			Xoves 9.30-10.30		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR: Práctica da lectura a primeira vista. Desenvolvemento dos aspectos técnicos, da axilidade e automatismos necesarios para a comprensión e interpretación inmediatas dun texto musical. Práctica da transposición de textos musicais a diferentes tonalidades	
COÑECEMENTOS PREVIOS: Ao alumno que se incorpora, pediráselle fundamentalmente: -Un adecuado nivel de lectura e comprensión musical interna. -Un mínimo de habilidades que permitan una execución e interpretación sobre o instrumento, consciente dos elementos que interveñen nunha obra de dificultade básica. -Un adecuado nivel de coñecementos a cerca da mecánica do transporte.	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X13, X21, X24,
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	E11, E12, E14, E15, E17, E19
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Crear un hábito neste tipo de disciplina para que o alumno se familiarice na lectura e o transporte a primeira vista.	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, E11, E12, E14, E15, E17, E19,
Recoñecer a estrutura harmónica e motivica dunha obra ou fragmento segundo se toca a primeira vista ou tras unha lectura rápida sen instrumento.	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, E11, E12, E14, E15, E17, E19,
Coñecer a disposición formal de obras de factura clara, analizando as súas seccións, puntos de tensión, etc. para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura a primeira vista.	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, E11, E12, E14, E15, E17, E19,
Valorar a importancia dunha análise previa sobre os elementos constitutivos e dificultades técnicas do fragmento ou obra para ler ou transportar.	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, E11, E12, E14, E15, E17, E19,
Comprender a importancia e posibles aplicacións na vida profesional da lectura a vista e o transporte.	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, E11, E12, E14, E15, E17, E19,



Demostrar os reflexos necesarios para resolver no momento as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación, sen parar o discurso musical.	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, E1, E2, E4, E5, E7, E9,
Ler a primeira vista obras ou fragmentos, respetando na maioría do posible o estilo, indicacións dinámicas, de tempo.	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, E1, E2, E4, E5, E7, E9,
Coñecer e aplicar correctamente a teoría do transporte.	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, E1, E2, E4, E5, E7, E9,
Transportar a primeira vista obras ou fragmentos, ós intervalos reflectidos no apartado de contidos	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, E1, E2, E4, E5, E7, E9,

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1º CUADRIMESTRE (LECTURA A PRIMERA VISTA E TRANSPOSICIÓN III)		
-Lectura a 1ª vista e a súa aplicación práctica	-Lectura a primeira vista de obras ou fragmentos de diferentes épocas e estilos, con carácter de acompañante ou non, con incremento paulatino de dificultade. -Recoñecemento dos elementos constitutivos das obras ou fragmentos a traballar. -Supresións, arranxos e simplificacións de unha partitura. Introducción.	16
-Teoría e práctica do transporte.	Teoría do transporte: claves, armaduras, diferencias e a súa utilidade práctica. Instrumentos traspositores. O transporte como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos. Repaso do transporte dos intervalos realizados nos cuadrimestres anteriores (2as M ascendentes e descendentes, 3as M e m ascendentes d descendentes) Transporte a 4ª J asc. ,introdución á 4ª J descendente	16
-Transporte de patróns armónicos característicos das distintas épocas, sobre a partitura e/ou tras ser memorizados	- Morfoloxía visual dos acordes e dos intervalos armónicos, e a súa transposición. -I-II-III-IV-V-VI-VII, dominantes secundarias, acorde de 5ª dismínuida, de 5ª aumentada, 7ª diatónica e 7ª dismínuida. Series de 7ª, etc. As diferentes cadencias. Modulacións claras.	4
- Memorización de fragmentos sinxelos	Análise dos elementos constitutivos de fragmentos sinxelos para posteriormente interpretar de memoria e transportar a intervalos sinxelos.	4
- Introducción á redución de partituras sinxelas	Redución de Corales a catro voces	6
		TOTAL SESIÓNS: 16
CONTIDOS 2º CUADRIMESTRE (LECTURA A PRIMERA VISTA E TRANSPOSICIÓN IV)		
-Lectura a 1ª vista.	-Lectura a primeira vista de obras ou fragmentos de diferentes épocas e estilos, con carácter de acompañante ou non, con incremento paulatino de dificultade. -Recoñecemento dos elementos constitutivos das obras ou fragmentos a traballar. -Supresións, arranxos e simplificacións de unha partitura. Continuación	5
-Teoría e práctica do transporte.	Teoría do transporte: claves, armaduras, diferencias e a súa utilidade práctica. Instrumentos traspositores. O transporte como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos. Repaso do transporte dos intervalos realizados nos cuadrimestres anteriores. Transporte de 4ª J descendente e 2ª menor asc. e desc.	5
-Transporte de patróns armónicos característicos das distintas épocas, sobre a partitura e/ou tras ser memorizados	-Morfoloxía visual dos acordes e dos intervalos armónicos, e a súa transposición. -I-II-III-IV-V-VI-VII, dominantes secundarias, acorde de 5ª dismínuida, de 5ª aumentada, 7ª diatónica e 7ª dismínuida. Series de 7ª, etc. As diferentes cadencias. Modulacións. Coñecemento e emprego dos sistemas modais. Escalas pentatónicas e hexatónicas.	5
-Realización de variacións sobre fragmentos dados.	Variacións rítmicas, melódicas e rítmico-melódicas, condicionadas e libres.	5
- Memorización de fragmentos sinxelos	Análise dos elementos constitutivos de fragmentos sinxelos para posteriormente interpretar de memoria e transportar a intervalos sinxelos.	5
		TOTAL SESIÓNS: 5
Observacións: Cando por algún motivo o número de semanas non coincida co número de sesións adaptarase cada cuadrimestre segundo número e colocación dos festivos e as diversas actividades do centro modificando se fora necesario o número de sesións asignadas a cada tema		

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA (1º E 2º CUAD.)			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
<p>A análise previa e fundamental para unha correcta asimilación e posterior reprodución d e un texto musical. Debe ser unha análise útil para poder ler despois dun breve contacto coa partitura, reproducíndoa o mais fielmente posible.</p> <p>Posteriormente haberá un tempo de reflexión para que o alumno coñeza e traballe a súa capacidade de reacción ante os posibles estímulos que poidan interferir na súa interpretación. Deberán coñecer as capacidades propias de cada un, a autoconfianza, a súa capacidade de concentración, a participación mediante a escoita activa dos outros membros do grupo, etc.</p>			
SESIÓN TEÓRICA: repaso da teoría do transporte e dos diversos contidos da disciplina. Resolución de dúbidas.	1		1
LECTURA GUIADA E TRANSPORTE Sempre sobre pezas ou fragmentos do repertorio seleccionados de acordo ó nivel a traballar, e tras un análise previo dos elementos que interveñen, e atendendo dende o primeiro momento a dar a visión máis aproximada da mesma. O transporte funcionará como mecanismo de verificación.	16		16
ESTUDO INDIVIDUAL Lecturas e transporte sobre repertorio orientado polo profesor, ou sobre pezas e fragmentos concretos aportados por éste, con elementos ou fórmulas concretos de interese. Será a principal e insustituible tarefa do estudante.		62	62
LECTURA EN GRUPO: Na propia aula, abordaranse pezas de grupo a primeira vista tras previo análise. Proporcionaranse as guías para esta mecánica. Transposición en grupo.	10		10
PROBA PRÁCTICA	1		1
TOTAL HORAS:			90
<p>Observacións: Os diferentes temas e subtemas traballaranse ó longo das sesións, combinando nunha mesma sesión diferentes contidos, polo que o número de sesións indicadas para cada tema é orientativo, sendo a resultante da suma do traballado ó longo de todas as sesións.</p>			

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
<p>Avaliación continua da asistencia ás clases e aproveitamento das mesmas ata o 13 de marzo (período docencia presencial) Valorarase a actitude, adicación, atención e participación</p> <p>No seguimento diario valoraranse as destrezas acadadas, o nivel de comprensión, a musicalidade etc.</p>	<p>-Coñecer a teoría do transporte e a súa implicación na aplicación práctica.</p> <p>-Amosar dominio da mecánica do transporte, ao tempo que se é consciente dos elementos estruturais da peza que deberán trasladarse ao novo tono.</p> <p>-Realizar con soltura lecturas a primeira vista e transportes sobre pezas de diferente dificultade, de épocas e estilos diferentes, que permitan avaliar se o alumnado é capaz de sintetizar nun esquema de coñecemento, todos os diferentes aspectos illados que se trataron na aula.</p> <p>-Amosar axilidade a hora de resolver intercambio de partes entre transpositores e non transpositores</p> <p>-Amosar flexibilidade, capacidade de reacción e de integración no grupo, nos traballos de lectura e transposición non individuais.</p> <p>- Realizar correctamente e com soltura actividades e exercicios que versen sobre os contidos reflectidos nesta programación.</p>	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI9,	100,00%
Clases e ou traballos realizados no período de confinamento (posterior ao 13 de marzo)	- Asistir ás clases programadas e/ou entrega	T1, T3, T6, T13, T15	Poderá incrementarse

	de traballos propostos polo profesor. -Ser quen de traballar de forma autónoma así como de organizar o traballo individual de forma eficiente. -Ser quen de xestionar adecuadamente a información recibida, analizala e sintetizala.	X1, X2, X3, X13, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI9,	ata un 30,00% sobre a nota obtida no apartado anterior.
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)			
Os alumnos que superen o número de faltas establecido (4 por cuadrimestre), terán que presentarse a un exame o final do cuadrimestre donde a materia a avaliar será toda a que aparece na programación			
Realización de 3 lecturas e 3 transportes sobre pezas ou fragmentos de diferente dificultade, cos contidos desta programación. O exame realizarase de xeito telemático, por videochamada, ou de non ser posible, acordarase co profesor o envío de grabacións en tempo real, dende que o profesor envía as partituras.	Iguais ós do apartado 6.1.2.	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI9,	100,00%
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
Realización de 3 lecturas e 3 transportes sobre pezas ou fragmentos de diferente dificultade, cos contidos desta programación. O exame realizarase de xeito telemático, por videochamada, ou de non ser posible, acordarase co profesor o envío de grabacións en tempo real, dende que o profesor envía as partituras.	Iguais ós do apartado 6.1.2.	T1, T3, T6, T13, T15 X1, X2, X3, X13, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI7, EI9,	100,00%
Observacións: No caso de ser avaliado segundo o apartado 6.1.1. poderase optar a subir nota, e o exame será o mesmo que o da avaliación alternativa e extraordinaria. Para este caso, tamén se incrementará como máximo nun 30% a cualificación obtida no apartado de avaliación continua.			
SISTEMA DE CUALIFICACIÓN: Cualificarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión de un decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa (Orde do 30 de setembro de 2010, Artigo 13º, apartado 6) 0-4,9: Suspenso 5,0-6,9: Aprobado 7,00-8,9: Notable 9,00-10: Sobresaliente A Mención de "Matrícula de Honra" poderá ser outorgada a alumnos ou alumnas que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder o 20% de alumnos/as matriculados/as nunha materia no correspondente curso académico, non sendo que o número de alumnos/as matriculados/as sexa inferior a 20, caso en que se poderá conceder unha soa matrícula de honra. Para a obtención da matrícula de honra, en caso de haber máis aspirantes que número de matrículas a outorgar, realizarase unha proba específica que consistirá en tres lecturas a primeira vista e tres transportes, e será xulgada por alomenos tres membros do departamento.			

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
-	-

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

- Desportes e Bernau. *Manual práctico para reconocimiento de los estilos de Bach a Ravel*. Ed. Real Musical
- Iglesias, J. *Repentización y transposición para instrumentos en Mib, Sib y Do*. Ediciones sib
- Karpinski. *Aural Skills Acquisition*. Oxford university press
- Kuhn, Clemens. *Tratado de la forma musical*. Ed. Span. Press
- Salzer, Félix. *Structural hearing*. Dover publications
- Toch, Ernest. *La melodía*. Ed. Labor
- Toch, Ernest. *Elementos constitutivos de la música*. Ed. Idea Books